



INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN SOBRE A ACREDITACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO PARA O ACCESO A ESTUDOS DE GRAO BILINGÜE E ESTUDOS DE MÁSTER CON REQUISITO DE IDIOMA, COMPLEMENTARIA Á PUBLICADA O 19/06/2018

Mediante esta instrución fíxanse as vías de acreditación lingüística do alumnado para o acceso a estudos de grao bilingüe¹ e estudos de máster oficiais con requisito de idioma impartidos na Universidade da Coruña:

1. Acceso a estudos de grao bilingüe:

O alumnado deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- a. Que posúe unha certificación oficial de nivel B1 de inglés (ou B2 para titulacións que así o requiran). Só se admitirán os certificados recoñecidos pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior, que se poden atopar en [https://www.acles.es/files/ckeditor/tablas de certificados reconocidos por acles 9.pdf](https://www.acles.es/files/ckeditor/tablas%20de%20certificados%20reconocidos%20por%20acles%209.pdf) e os aceptados polas mesas lingüísticas da CRUE <http://www.crue.org/documentos%20compartidos/Certificados%20para%20a%20acreditaci%C3%B3n%20de%20niveis%20de%20ingl%C3%A9s.pdf>

O Centro de Linguas publicará coa antelación suficiente as datas dos exames para certificacións oficiais a que se poderá presentar o estudantado co fin de acreditar o seu nivel de idioma.

- b. Que superou un curso equivalente a 4º da ESO ou superior en sistemas educativos de lingua inglesa.
- c. Que posúe o diploma de asistencia e aproveitamento a un curso de B1.2 ou superior do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.

2. Acceso a estudos de máster con requisito de idioma:

2.1. Cando o idioma sexa o inglés:

O alumnado deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- a. Que cumpre algún dos requisitos do punto 1 desta instrución (a, b ou c).
- b. Que realizou unha estancia académica durante o grao de, polo menos, un cuatrimestre. É preciso que a dita estancia reúna os seguintes requisitos:
 - Que a docencia recibida durante a estancia se impartise en inglés.

¹ A excepción do Grao de Moda que se regula de acordo aos requisitos que poden consultarse en <http://estudios.udc.es/es/study/admission/710g03v01>



- Que durante a estancia se superaran, polo menos, 18 créditos correspondentes a materias impartidas en lingua inglesa.

Quedan eximidos de acreditar o idioma os graduados (anteriormente licenciados) das titulacións en que o inglés sexa lingua de instrución da porcentaxe de asignaturas que determine o artigo 1, apartado 2 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30/04/2015 e modificada no Consello de Goberno do 14/04/2016).

Así mesmo, queda eximido de acreditar este requisito o estudantado procedente dos graos de Estudos Ingleses, os de Tradución e Interpretación, Linguas Modernas e outros de similar condición impartidos en universidades españolas ou estranxeiras.

2.2. Para idiomas diferentes ao inglés

O alumno deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- a. Que posúe unha certificación oficial de nivel B1 do idioma correspondente (só se admitirán os certificados recoñecidos pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior, que se poden atopar no enderezo:
https://www.acles.es/files/ckeditor/tablas_de_certificados_reconocidos_por_acles_9.pdf e os aceptados polas mesas lingüísticas da CRUE:
<http://www.crue.org/sitepages/mesas-linguisticas.aspx>
- b. Que realizou unha estancia académica durante o grao de, polo menos, un cuatrimestre. É preciso que a dita estancia reúna os seguintes requisitos:
 - Que a docencia recibida durante a estancia se impartise na lingua oficial da Unión Europea obxecto de acreditación.
 - Que durante a estancia se superaran, polo menos, 18 créditos correspondentes a materias impartidas na lingua obxecto de acreditación.
- c. Que posúe o diploma de asistencia e aproveitamento de B1.2 ou superior do idioma correspondente do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.

Así mesmo, queda eximido de acreditar este requisito o estudantado de calquera titulación do ámbito filolóxico, lingüístico ou de tradución, impartida en universidades españolas ou estranxeiras.

3. Prazos para presentar a acreditación lingüística

No caso de que o alumnado non poida acreditar ningunha das condicións previas, tanto de acceso a grao como a máster, no momento da matrícula, disporá de prazo ata o último día do primeiro cuatrimestre para conseguir a dita acreditación. O incumprimento deste requisito suporá que o/a alumno/a non poderá continuar no programa bilingüe excepto cunha prórroga concedida pola comisión académica do centro.



Excepcionalmente, no caso do Máster Universitario de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional e Ensino de Idiomas, as persoas que desexen cursar este programa deberán acreditar, previamente a ser admitidas neste, o dominio dunha lingua estranxeira equivalente ao nivel B1 segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, de acordo coa Recomendación Nº R (98)6 do Comité de Ministros de Estados Membros do 17/10/2000.

A Coruña,

Pilar García de la Torre
Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación